

# Taxa de risco de pobreza ou exclusión social

Resumo de resultados 07/01/2025

## ÍNDICE

|  |   |
|--|---|
| Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización ..... | 1 |
| Definicións, fontes e máis información .....                               | 2 |


**ZDP:** Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

## Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

### Taxa de risco de pobreza ou exclusión social segundo o grao de urbanización

No ano 2023 a taxa de risco de pobreza ou exclusión social presenta o seu valor máis elevado na ZIP (19,5 %), e a zona onde é menor é a ZPP (14,5 %). Con respecto ao ano 2016, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social diminuíu nas tres zonas consideradas, sendo a zona pouco poboada a que rexistrou unha maior diminución (6,4 puntos), seguido da zona densamente poboada (3,5 puntos) e da zona intermedia (3,0 puntos). Con respecto ao ano anterior, isto é, o 2016, a taxa de risco de pobreza diminuíu en todas as zonas.

## Taxa de risco de pobreza ou exclusión social. Galicia



|                                 | 2016  | 2017  | 2018  | 2019  | 2020  | 2021  | 2022  | 2023  |
|---------------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Total                           | 21,41 | 21,56 | 19,47 | 19,38 | 19,90 | 19,22 | 18,62 | 17,29 |
| Zonas densamente poboadas (ZDP) | 20,67 | 20,81 | 19,68 | 19,60 | 19,17 | 18,09 | 19,12 | 17,22 |
| Zonas intermedias (ZIP)         | 22,49 | 21,82 | 19,37 | 19,55 | 22,21 | 21,21 | 19,56 | 19,51 |
| Zonas pouco poboadas (ZPP)      | 20,88 | 22,17 | 19,34 | 18,82 | 17,78 | 18,24 | 16,65 | 14,51 |

## Definicións, fontes e máis información

### Definicións

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (estratexia Europa 2030):** A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60 % da mediana dos ingresos por unidade de consumo
- En carencia material e social severa
- Persoas de 0 a 64 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral

### Descarga de datos

- [Taxa de risco de pobreza ou exclusión social. Estratexia Europa 2030.](#)

### Fontes de información

IGE. Enquisa estrutural a fogares